

**PROXECTO LECTOR  
DO CENTRO**

IES  
DE  
MUGARDOS

Curso 2009-2010

1. INTRODUCCIÓN. CONTEXTO E PUNTO DE PARTIDA.....	3
2. PRINCIPIOS XERAIS E LEXISLATIVOS SOBRE A LECTURA	
2.1.    PRINCIPIOS XERAIS.....	4
2.2.    PRINCIPIOS LEXISLATIVOS.....	5
3. OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO LECTOR.....	8
4. ALGUNHAS CLAVES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.....	9
5. METODOLOXÍA	
5.1.    Actuacións comúns de todo o profesorado.....	10
5.2.    Ensino das estratexias lectoras	
5.2.1.  Antes da lectura.....	10
5.2.2.  Durante a lectura.....	11
5.2.3.  Despois da lectura.....	11
6. ACTIVIDADES	
6.1.    Lectura nas áreas de lingua.....	13
6.2.    Lectura na sesión (semanal, diaria...) de lectura.....	14
6.3.    Lectura nas áreas restantes.....	14
6.4.    Apoio ao alumnado.....	14
6.5.    Proposta de actividades de animación á lectura.....	15
7. RECURSOS E ORGANIZACIÓN.....	16
8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18
ANEXO I: ENQUISA AO ALUMNADO SOBRE PRÁCTICAS DE LECTURA, ESCRITURA E USO DAS BIBLIOTECAS.....	21
ANEXO II: LECTURA DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS AO ALUMNADO SOBRE PRÁCTICAS DE LECTURA.....	29
ANEXO III: PAUTAS PARA A REALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DUN TRABALLO.....	36

## 1. INTRODUCCIÓN. CONTEXTO E PUNTO DE PARTIDA.

Entendemos que o fomento da lectura, e con ela a incuestionable mellora da competencia lingüística do noso alumnado, é unha responsabilidade de toda a comunidade educativa: para resolver calquera exercicio, problema ou cuestión hai que ler, entender e asimilar o enunciado.

Inicialmente, coa simple observación directa do noso alumnado, fixemos a seguinte diagnose, válida para todos os niveis (dende 1º ESO ata 2º Bacharelato, pasando por PCPI e Adultos):

- Boa parte do noso alumnado mostra pobres habilidades lectoras (no referido a mecánica lectora, entonación, ritmo...).
- En moitos casos, incluídos algúns nos que consideramos que si adquiriron as habilidades mecánicas, o problema está na dificultade de comprender o que len.
- Tamén existen alumnos que carecen do vocabulario necesario para entender o sentido dos textos que len por obriga.
- A suma destas realidades xera unha situación de desmotivación no referente á lectura en si mesma, tanto no propio profesorado como no alumnado.

Ante a preocupante realidade observada decidimos afrontar unha valoración máis obxectiva e exhaustiva a través dunha completa enquisa que pasamos a todo o alumnado do centro, dende 1º ESO ata 2º Bacharelato, pasando por PCPI e ESA. (Anexos I e II)

Dende este contexto estimamos conveniente, antes que nada, potenciar a lectura e traballar a lectura comprensiva. Temos claro que, para acadar resultados satisfactorios, nesta tarefa terá que implicarse toda a comunidade escolar, pero tamén a familia. Todas as medidas que se programen deben ir encamiñadas a provocar no noso alumnado a querencia pola lectura, sexa cal sexa a finalidade que pretendamos con ela. Necesariamente teremos que querer:

- Ser modelos de profesoras/es lectoras/es.
- Practicar a lectura compartida.
- Crear espazos e situacións para familiarizar aos nosos alumnos cos libros: falar deles e manexalos, na aula e na biblioteca (escolar ou pública).
- Facer partícipe á familia da lectura.

O obxectivo é *formar lectoras/es competentes*: que buscan, deciden, valoran, seleccionan, len comprensivamente, saben interpretar o que len, son capaces de emitir xuízos críticos, reformulan e transforman contidos, comunican eficazmente... todo o que a sociedade actual esixe de nós como cidadáns.

## 2. PRINCIPIOS XERAIS E LEGISLATIVOS SOBRE A LECTURA.

### 2.1. PRINCIPIOS XERAIS

- O fomento da lectura é tarefa de todos os que temos responsabilidades na educación: nais/pais e profesoras/es.
- A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias.
- Os alumnos (e os profesores) deben ler na clase, durante as horas lectivas, de forma individual e colectiva.
- A resposta á pregunta "Para que ler?" debe ser plural: para aprender, para cultivar a expresión oral e escrita, para satisfacer a curiosidade, para desenvolver a capacidade de investigación persoal, para resolver dúbidas puntuais, para dar resposta a intereses persoais, para pór en marcha a imaxinación, para sentir, disfrutar e comprender o mundo que nos rodea...
- A lectura debe ir ligada á escritura (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación de traballos, vocabulario) e á expresión oral, polo que estas actividades deben traballarse de forma conxunta.
- As campañas de fomento da lectura (*Hora de Ler* ou outras) deben ser asumidas por todo o claustro.
- O papel da familia é fundamental á hora de reforzar as tarefas lectoras que se fan no Centro.
- Nesta tarefa a Biblioteca do centro ten un papel destacado. Debe converterse en punto de referencia aglutinador de todas as actividades que fomenten a lectura e a busca e o tratamento da información.

## 2.2. PRINCIPIOS LEGISLATIVOS

**LOE.** Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio de 2006)

- ✚ Un dos obxectivos da Educación Secundaria é "**Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbera, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, o estudo e a lectura da literatura**".(Artigo 23.h)
- ✚ "Sen prexuízo do seu tratamento específico en algunhas das materias da etapa, **a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas as áreas**". (Artigos 24.7 e 25.5)
- ✚ "Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias básicas e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. **Co fin de promover o hábito da lectura, adicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias**". (Artigo 26.2)
- ✚ Un dos obxectivos do Bacharelato é "**Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, coma condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal**"(Artigo 33.d); "**Desenvolver a sensibilidade artística e literaria**"(Artigo 33.l).
- ✚ "As administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas **distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público**". (Artigo 35.2)
- ✚ "Os Centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar" (Artigo 113.1.). "As administracións educativas completarán a dotación das bibliotecas dos centros públicos de forma progresiva. Con tal fin elaborarán un plan que permita acadar dito obxectivo dentro do período de implantación da presente lei" (Artigo 113.2.). "**As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos. Igualmente contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 e 26.2 da presente lei**". (Artigo 113.3).
- ✚ "Corresponde ás Administracións educativas promover os recursos necesarios para garantir a **posta en marcha dun plan de fomento da lectura**"(Artigo 157.1.b)

**Decreto 133/2007**, do 25 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007).

- Un dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria é *"Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura"*(Artigo 4.h).
- *"A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán **na práctica docente de todas as materias un tempo adicado á lectura en todos os cursos da etapa**, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas"*(Artigo 5.5).
- *"Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas elas"*(Artigos 6.7 e 7.6.).
- *"Os centros docentes, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, incluirán no proxecto educativo do centro a concreción do currículo, que contará polo menos coas seguintes epígrafes: ... h) Proxecto lector do centro"*(Artigo 18.3.h).
- No Anexo V deste decreto -**Proxecto lector de centro**- destacan as seguintes ideas:
  - Os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.
  - O proxecto lector de centro será un documento no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.
  - O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual.
  - O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.
  - Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:
    - A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

- O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

- O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- A formación da lectura comprensiva esixe, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.
- O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.
- Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO LECTOR.**

1. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
2. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
3. Mellorar os índices lectores dos alumnos.
4. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Potenciar a valoración das competencias lingüísticas en disciplinas non especificamente lingüísticas.
7. Incorporar a lectura como un método de formación integral do alumno: educación en valores, curiosidade por outras culturas e civilizacións, reflexión sobre problemáticas actuais.
8. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
9. Concienciar a toda a comunidade educativa da relevancia do hábito lector e do traballo en común para melloralo.
10. Sensibilizar ás familias na importancia que ten o hábito lector na educación dos seus fillos e fillas.



#### **4. ALGUNHAS CLAVES PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.**

- Dar a coñecer ao alumnado dende cada departamento un glosario do vocabulario específico da materia correspondente ao seu nivel.
- Consensuar entre todos os departamentos un modelo de referencia para a realización e presentación de traballos por parte do alumnado. (Anexo III).
- Poñer en marcha a *Hora de ler*. Campaña que consiste en que na aula se dediquen á lectura sostida vinte minutos diarios, implicándose nela todas as áreas (sempre que o profesorado estea disposto).
- Habilitar seccións da biblioteca nas aulas. A súa existencia permitirá dispoñer de materiais para a lectura durante as clases, na *Hora de ler* ou nas gardas.
- Dedicar á lectura as horas de titoría cando non haxa outras cuestións prioritarias que tratar. Os titores interesados contarían co asesoramento do Equipo de Biblioteca.
- Poder dedicar tempo á lectura cando falte un profesor. Os profesores interesados poderían utilizar os materiais da biblioteca de aula.
- Implicar ás familias propoñéndolles a súa colaboración no Club de lectura (que será presentado na xuntanza inicial do curso).
- Recomendar lecturas dende todas as áreas e valorar a súa realización cada trimestre.
- Dinamizar a Biblioteca do Centro, dando a coñecer a principios de curso a todo alumnado o seu funcionamento e as normas de uso, favorecendo os préstamos, aumentando os seus fondos, abríndoa o maior número posible de horas...
- Consolidar no instituto as iniciativas promovidas dende a biblioteca escolar en Primaria.

## 5. METODOLOXÍA.

### 5.1. Actuacións comúns de todo o profesorado

- Sempre que se planifiquen nas aulas actividades de lectura, intentarase que sexan textos adecuados á situación de comunicación na que se está a traballar, e se non teñen relación cos temas traballados, contextualizarase a lectura facendo unha presentación previa do fragmento ou texto completo explicando os obxectivos que se van traballar con el, os contidos e as actividades.
- Teremos en conta que os obxectivos e finalidades da lectura poden ser varios, e a actuación previa á lectura adaptarse a estes obxectivos:
  - Evadirse, encher o tempo de lecer.
  - Buscar unha información concreta.
  - Seguir unha pauta ou instrucións para realizar determinadas actividades.
  - Informarse dun determinado feito.
  - Confirmar ou refutar coñecementos previos.
  - Aplicar a información obtida da lectura para realizar un traballo.

### 5.2. Ensino das estratexias lectoras.

As estratexias lectoras que se traballarán son as seguintes:

#### 5.2.1. Antes da lectura

- Saber para que lemos un texto:
  - Para obter unha información precisa, por exemplo para buscar unha data de nacemento ou dun feito histórico sinalado; para consultar unha determinada información nun periódico; para buscar unha palabra nun dicionario.
  - Para seguir unhas instrucións: cando o profesor ou profesora redacta as instrucións para facer un traballo; para comprender como son os pasos para realizar determinados experimentos.
  - Para obter unha información de carácter xeral, é dicir, extraer as ideas xerais dun texto. Se hai que elaborar unha monografía, por exemplo, deben seleccionarse de entre todas as obras as que estean máis acordes co noso propósito e por iso primeiro debemos ter unha idea ampla delas.
  - Para aprender algo. A lectura será máis pausada e atenta.
  - Revisar un escrito propio.

- Por pracer.
- Para comunicar un texto a un auditorio.
- Para practicar a lectura en voz alta.
- Para dar conta de que se comprendeu.
- Activar os coñecementos previos:
  - Dar algunha información xeral sobre o que se vai ler.
  - Axudar ao alumnado a fixarse en determinados aspectos do texto que poidan activar os seus coñecementos previos.
  - Animar ao alumnado a que expoña o que coñecen sobre o tema.

### **5.2.2. Durante a lectura:**

- Lectura compartida:
  - De profesor e alumno e, tras a lectura, o profesor fai un resumo do lido, pide aclaracións ou explicacións sobre determinadas dúbidas que xera o texto; formula preguntas; establece prediccións sobre o que queda por ler... Intentarase que o alumnado sexa lector activo, que constrúa unha interpretación do texto a medida que o le.
- Lectura independente:
  - Proporcionar ao alumno materiais preparados co propósito de que practique pola súa conta algunhas estratexias que se ofreceron na lectura compartida.
  - Presentar textos con lagoas, textos aos que lles faltan palabras que deben ser inferidas polo lector.

### **5.2.3. Despois da lectura:**

- Idea principal

É importante ensinar a identificar a idea principal dun texto en función dos obxectivos de lectura que se perseguen. Para iso explicárase en que consiste a idea principal e exemplifícase cun texto coñecido; actívanse os coñecementos previos relevantes e recordárase por que se vai ler ese texto; centrárase a atención do alumnado no que se busca, sinalando de que trata o texto que se vai ler, e finalmente buscarase outra idea principal que atenda a outro obxectivo de lectura.

- Resumo

Teremos en conta as catro regras que os lectores utilizamos para resumir o contido dun texto:

- Omitir aquela información que para os propósitos da lectura se pode considerar pouco importante.
- Seleccionar a información importante e suprimir a que resulta obvia, redundante e innecesaria.
- Xeralizar, é dicir, abstraer dun conxunto de conceptos un de nivel superior capaz de englobalos.
- Construír unha nova información que substitúa á anterior e integrála nos nosos coñecementos.

Non debemos esquecer que o resumo debe conservar o significado xenuíno do texto do que procede, pero tan pouco útil resulta que o resumo sexa unha case reprodución do texto, como que sexa tan xeral que non aporte a información específica daquel.

- Formular e responder preguntas pertinentes, coherentes co obxectivo que se persegue mediante a lectura. Poden ser:
  - Preguntas de resposta literal no texto.
  - Preguntas nas que a resposta require que o lector relacione diversos elementos do texto e que nalgún grao realice inferencias.
  - Preguntas nas que a respostas esixen a intervención do coñecemento e opinión do lector.

## 6. ACTIVIDADES.

### 6.1. Lectura nas áreas de lingua

- ◆ Exercicios de predicción para estimular ao alumnado
  - Establecer prediccions sobre o texto.
  - Realización dun cuestionario sobre hábitos e gustos de lectura de cara á escolla de textos e libros.
  - Imaxinar cal pode ser o argumento dun libro a partir da portada ou do título.
  - (De aplicación á escrita). Facer unha listaxe de palabras (adxectivos, substantivos, verbos...) que se pense que aparecerán nun texto do que só se coñece o título.
  - Encontrar incoherencias nun texto.
  
- Exercicios despois de feita a lectura
  - Fichas de lectura coas que facemos un arquivo.
  - Realización de lecturas equivocadas para que investiguen o que é incorrecto (cambiarlle o nome a personaxes, o lugar onde transcorren os feitos...).
  - Presentación dos personaxes dun libro debuxados e despois eles teñen que saber con quen se corresponden.
  - "Están ou non están?" Mesturar personaxes reais dun libro con outros inventados para que indiquen cales son falsos.
  - Facer fichas con frases dos personaxes dunha obra para que indiquen quen son.
  - O Combate: dividilos en grupos; cada grupo preparará tres preguntas sobre o libro de lectura/ou un texto que leran todos. Gaña o grupo que máis preguntas dos demais responda.
  - Gravación de lecturas en formatos mp3.
  
- Comparación de textos
  - Diferentes descrições de personaxes/paisaxes...
  - A mesma noticia en varios periódicos.
  - Textos (ou o mesmo texto) con diferentes rexistros formais.

- Lectura dramatizada de textos teatrais
- Conversión de textos poéticos, narrativos... en pezas de teatro

## 6.2. **Lectura na sesión (semanal, diaria...) de lectura**

- Propor unha listaxe de libros de temática diversa. Acompañar a lista dunha reseña ou resumo para que o alumnado poida elixir con algún criterio o libro que van ler.
- Propoñer a lectura dun libro e o encontro co autor dese libro. Comentario de fragmentos doutros libros do mesmo autor na aula.
- Lectura na aula de clásicos adaptados.
- Creación de antoloxías de poemas (por temas, xeracións ou etapas).
- Lectura de narracións breves, de autores e temática diversa na aula.
- Acudir á representación dunha obra teatral e facer unha crítica teatral onde se recollan aspectos literarios e espectaculares.
- Propoñer a redacción dunha carta dirixida ao autor/a da obra, lida na aula, facendo un comentario crítico da mesma e formulando preguntas das que ao alumnado lle interesen as respostas.

## 6.3. **Lectura nas áreas restantes**

- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

## 6.4. **Apoio ao alumnado**

Aquel alumnado que presente carencias nos hábitos lectores recibirá apoio específico segundo as súas dificultades, con actividades concretas tendentes á superación das mesmas.

## 6.5. **Proposta de actividades de animación á lectura**

- Continuidade do Club de Lectura.
- Creación dun blog de biblioteca.
- Gravación de lecturas en formato mp3.
- Facilitar textos amenos aportados polo profesorado, dentro da biblioteca de aula, en situacións imprevistas ou planificadas.

Cremos na animación que pretende acadar:

- A comprensión da obra máis alá do argumento.
- A adquisición da capacidade de escoita, comprensión e retención.
- O desenvolvemento da capacidade analítica e creativa: repetir e recrear a partir do contado ou lido.
- A relación do oral co escrito.
- A evolución na lectura activa e pasiva.

## 7. RECURSOS E ORGANIZACIÓN.

Para afrontar a nosa tarefa lectora contamos cos seguintes recursos:

1. A Biblioteca do Centro. Configurarase como centro de recursos e como ferramenta importante de apoio curricular. Punto de referencia para o fomento da lectura, a busca e o tratamento da información.
2. As Seccións da biblioteca nas aulas e outros espazos do centro. A Biblioteca abastecerá de materiais ás aulas, facilitará os préstamos de libros para a "Hora de Ler" e coordinará a elaboración de materiais para traballar a lectura en voz alta e a comprensión lectora.
3. As Bibliotecas públicas de Ares e Mugardos (incluídas a da Sociedade de Amigos da paisaxe do Seixo ou a do Casino mugardés), así como outras bibliotecas escolares, coas que procuraremos compartir o material que poñemos a disposición do alumnado e as familias.
4. Aulas de informática de centro. Pretendemos incorporar as TICs ao fomento da lectura e á busca e ao tratamento da información.

Tentaremos que o Proxecto Lector sexa un labor interdepartamental. O feito de traballarmos un tema común axudaranos a darlle uns contidos curriculares a ese momento de lectura. Pensamos que sería adecuado traballar nun tema común por trimestre.

O profesorado de todas as materias incluírá na súa programación as actividades previstas no proxecto segundo a temporización que nel se acorde, e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura. A través da reunión de titores semanal canalizarase a coordinación entre os distintos niveis.

Seguindo a liña marcada ata agora, as actividades de fomento da lectura, entre as que está o Club de Lectura, seguirán sendo voluntarias. Dentro das de fomento da lectura, as referidas ao contacto con escritores/as ou as actuacións de contacontos son de asistencia obrigatoris.

En canto ao tempo adicado á lectura na aula, propoñemos comezar a *Hora de Ler* con vinte minutos diarios rotando as horas (á primeira hora na primeira semana, á segunda hora na segunda semana etc.)

- Dedicar as horas de titoría á lectura (sempre e cando non haxa cuestións que tratar propias desta actividade). Os titores interesados contarían co asesoramento do Equipo da Biblioteca ,que recomendaría lecturas para que poidan ser lidas nas titorías polo profesor, algún alumno ou



mesmo se podería por en práctica nas titorías actividades de animación lectora como "Este é o meu libro favorito"

- Posibilitar a dedicación de tempo para a lectura nas gardas. Os profesores interesados en colaborar terían o asesoramento de Equipo da Biblioteca, do mesmo xeito que os titores.
- Implicar aos pais e nais desde as titorías e a Biblioteca para que nas casas se pauten un tempo de dedicación semanal (por exemplo, tres días á semana un mínimo de media hora á lectura). É un obxectivo para o vindeiro curso implicar aos pais propoñéndolles, entre outras cousas, a súa colaboración no Club de lectura.

## 8. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Consideramos que se debe avaliar por separado:

a) O proxecto:

Cómpre valorar o grao de satisfacción do profesorado co mesmo, así como as suxestións de mellora que se acheguen.

Para levar a cabo esta avaliación, pensamos que a canle debería ser a CCP, na que os Xefes de Departamento, unha vez analizada a súa aplicación nas reunións oportunas, informarán sobre o mesmo.

b) As actividades:

b.1.- Voluntarias:

Nestas actividades valorarase o grao de participación do alumnado que indicará a súa acollida. Terase en conta o horario, xa que se van a realizar no tempo de lecer e, polo tanto, interesa manter implicada a unha parte do alumnado, que vai ser a que máis participe nelas.

b.2.- Obrigatorias:

Nestas actividades valorarase a acollida, se o espazo no que se realizaron foi axeitado, se se acada ambiente lector, se se nota algunha mellora no traballo diario etc.

Para obtermos estes datos recurriremos a charlas informais co alumnado, enquisas, valoración da súa incidencia no rendemento escolar ou calquera medio que se considere axeitado para tal fin.

Para a avaliación dos aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

### **A) Instrumentos de avaliación inicial**

- Realización dun cuestionario sobre hábitos e gustos de lectura de cara á escolla de textos e libros: cando le, onde, que libros le, cantos...
- Fichas de observación: para comprobar como le en voz alta ou en silencio (pronuncia, posición do corpo, comportamento ocular, erros na verbalización...)

## **B) Instrumentos de avaliación procesual**

- Análise de exercicios da aula

## **C) Instrumentos de avaliación final**

- Cuestionarios tipo test.
- Probas: redaccións, resumos, creación de textos, exposicións orais, asociación de imaxes...

**ANEXO I:**

**ENQUISA AO ALUMNADO SOBRE PRÁCTICAS DE LECTURA, ESCRITURA E USO DAS  
BIBLIOTECAS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

I. E. S. DE MUGARDOS

**Rúa O Cristo s/n. 15620 - Mugardos.**

**Teléf.: 981472074 - Fax: 981470818**

**WEB:** *http://centros.edu.xunta.es/iesdemugardos*

**E-mail :** *ies.mugardos@edu.xunta.es*

**CURSO** \_\_\_\_\_ **IDADE** \_\_\_\_\_

**1- Sexo**

Home

Muller

**2- Medio de residencia**

Rural

Urbano

**3- Gústache ler?**

Nada

Algo

Bastante

Moito

Moitísimo

**4- Cantos membros da túa familia len habitualmente?** \_\_\_\_\_

**5- Consultas libros, enciclopedias e outros materiais para facer traballos de clase?**

Nunca

Ás veces

A miúdo

**6- Con que frecuencia utilizas a biblioteca pública?**

Nunca

Ás veces

A miúdo

**7- A través de que medios orientas as túas lecturas?**

Nai/Pai

Internet

Responsable bibl. escolar

Responsable bibl. pública

Revistas/periódicas

Televisión /Radio

Amigas/Amigos

Profesoras/Profesores

**8- Con que frecuencia utilizas a biblioteca escolar?**

Nunca

Ás veces

A miúdo

**9- Utilizas a biblioteca escolar nos recreos?**

Nunca

Ás veces

A miúdo

**10- O que máis utilizas na biblioteca son (podes marcar tres tipos de material):**

Relatos, novelas, poesía,

Revistas e xornais

Cómic

Dicionarios e enciclopedias

Vídeos

DVD

Casetes, discos CD\_ROM

CD\_ROM multim. (xogos)

Outros xogos (xadrez...)

### **11- En que áreas adoitas empregar a biblioteca?**

Lingua e Literatura Galega

Lingua e Literatura Castelá

Linguas Estranxeiras

Filosofía

Cultura Clásica

Educación Plástica e Visual

Matemáticas

Tecnoloxías

Educación Física

Ciencias Sociais, Xeografía, Historia

Ciencias da Natureza (Física, Química, Bioloxía, Xeoloxía)

Relixión

Titoría

Outras

### **12- Como che gustaría que mellorase a biblioteca do teu centro?**

Que houberse máis libros do meu gusto.

Que houberse máis documentos electrónicos.

Que houberse máis información sobre temas que me interesan.

Que a biblioteca estivese aberta máis horas.

Utilizala co profesorado con maior frecuencia.

Que houberse máis ordenadores conectados a Internet.

Que houberse máis actividades interesantes sobre lectura (club de lectura, charlas, etc...)

Que se puidesen facer traballos en grupo.

Que se puidesen facer os traballos coa orientación do profesor, fóra do horario de clases.

Que houberse máis espazo para ler e traballar.

**13- Canto tempo adicas semanalmente a ler por gusto?**

1-2 horas

2-4 horas

4-6 horas

6-8 horas

máis de 8 horas

ningún tempo

**14- Canto tempo adicas semanalmente a ler para estudar?**

1-2 horas

2-4 horas

4-6 horas

6-8 horas

máis de 8 horas

ningún tempo

**15- Canto tempo adicas semanalmente a ver a televisión?**

1-2 horas

2-4 horas

4-6 horas

6-8 horas

máis de 8 horas

ningún tempo

**16- Con que frecuencia accedes a Internet?**

Todos os días

1 ou 2 veces por semana

1 ou 2 veces por mes

Menos de 1 vez por mes

Nunca

**17- Que contidos consultas máis en Internet?**

Compras

Viaxes/Turismo

Chat

Foros

Películas

Música

Xogos

Estudios

Noticias

**18- Gústache escribir?**

Si

Non



**19- Que tipo de textos adoitas escribir?**

Diarios

Cartas

Poemas

Contos

Correos electrónicos

SMS

Outros .....

**20- Que actividades de lectura realizas para estudar?**

Resumes

Esquemas

Subliñado

Ler en alto

Ler en silencio

Consultar Internet

Consultar outros libros

Outros .....

**21- Cóstache comprender o que les?**

Si

Non

**22- En que materias tes máis dificultades en comprender o que les?**

.....

.....

.....

**23- Calcula cantos libros haberá na túa casa:**

0/10

10/50

50/100

máis de 100

**24- Cantos libros les ao mes?**

Ningún

1-2

3-5

Máis de 5

**25- Que che gusta ler máis? (Ordena de 1 ao 10)**

Poesía

Contos

Novelas

Cómic

Teatro

Libros de coñecemento

Revistas

Xornais

Literatura multimedia

Outros

**26- Ordena os idiomas nos que adoitas ler:**

Galego

Inglés

Castelán

Francés

Outros

**27- Cita os tres libros que máis che teñan influído:**

---

---

---

## **ANEXO II:**

### **LECTURA DOS RESULTADOS DA ENQUISA AO ALUMNADO SOBRE PRÁCTICAS DE LECTURA**

A anterior enquisa pasouse á totalidade do alumnado do IES de Mugardos no curso 2009-2010, concretamente en xaneiro de 2010.

Ofrecemos a continuación algúns datos obxectivos e a lectura crítica deles.

#### **1º ESO**

En 1º de ESO (dous grupos cun total de 33 alumnos repartidos case a partes iguais entre nenos e nenas: 17 e 16 respectivamente), o 54% declararon ler algo e o 36% entre bastante e moito, o que indica un alto grao de alumnado lector.

É importante salientar tamén que o 73% do alumnado consulta libros, enciclopedias ou outros materiais para facer traballos de clase, sobre todo para exercicios relacionados coa asignatura de Lingua Castelá. É interesante reflectir o elevado índice de acceso diario a Internet: 70%, sobre todo para chatear ou baixar música e xogos.

Aos dous terzos deste alumnado gústalles escribir, practicamente a mesma porcentaxe que afirma non comprender o que le, polo que cando se lles pregunta que cousas escriben contestan maioritariamente SMS e correos electrónicos.

O 66% do alumnado declara ler 1 ou 2 libros ao mes, que se corresponden coa lectura obrigatoria das materias de lingua.

A partir destes datos podemos deducir que a relación do alumnado de 1º de ESO coa lectura é moita. O reto é mantela e, se é posible, aumentar esta participación lectora nos seguintes cursos a través das distintas estratexias de lectura abordadas polo profesorado en xeral, non só dos titulares das linguas.

#### **2º ESO**

O único grupo de 2º de ESO está composto por, aproximadamente, o mesmo número de alumnos e alumnas, que son, maioritariamente, de procedencia rural.

Aínda que nos fogares da maioría hai un número considerable de libros, unha alta porcentaxe de alumnos confesa non ler ningún libro ao mes. Outra elevada porcentaxe le un ou dous.

A un pouco máis da metade lles gusta pouco ou nada ler. O afán lector é dispar: hai unha porcentaxe moi similar de alumnos que len entre unha e catro horas e alumnos que non len en absoluto.

Consultan moi pouco a biblioteca pública e un pouco máis a biblioteca escolar. A área na que máis empreñan a biblioteca é Lingua e Literatura castelá e o material que máis consultan son novelas, relatos, poesía, revistas e xornais.

O que máis demandan da biblioteca escolar é que se utilice co profesorado con maior frecuencia e que haxa máis ordenadores conectados a Internet.

Adican bastante tempo á semana a ver televisión e moitísimo máis a conectarse a Internet para chatear, escoitar música, ver películas e tamén, en número considerable, a estudar.

Gústalles escribir, sobre todo, SMS, correos electrónicos e cartas.

Teñen dificultade para entender o que len sobre todo en Sociais e Ciencias Naturais.

Entre os libros que citan como interesantes atópanse: *Crepúsculo*, *Harry Potter* (ámbolos dous bastante citados), *Matilda*, *El príncipe de las tinieblas*, *Robinson Crusoe*, *La historia interminable*, *La puerta de los muertos*, *Marilyn, amor ós quince anos*, *El pan de la guerra*, *Viaje de Parvana*, *O achado do castro*, *F.Oak*, *La isla del tesoro*, *Aún quedan piratas en la Costa de la Muerte*, *A serea do deserto*, *No corazón do bosque*, *La batalla de los árboles*, *Los siete secretos*, *Intercambio cun inglés*. *O equipo tigre* e *El Señor de los Anillos*.

Citan tamén publicacións como *Vale*, *Superpop* e *Marca*.

### **3º ESO**

Neste grupo, no que hai bastante equilibrio entre homes e mulleres (56% e 44%, respectivamente), temos que destacar as seguintes conclusións:

1- Cabe destacar que a lectura ten pouca aceptación entre as súas actividades, cun 12% ao que non lle gusta nada ler e un 48% ao que lle gusta "algo" (Total= 60% que non ten interese), un 40% ó que lle gusta bastante e só un 8% ao que lles gusta moito. Ninguén colleu a opción "moitísimo".

2- Nas familias non hai un claro gusto pola lectura: no 20% dos casos só le un membro da familia e destaca un 12% nos que ningún membro le. O 16% di que len tres membros e un 8%, catro membros. Logo a maioría das familias tampouco ten hábitos lectores.

3- O 76% dos alumnos consulta libros, enciclopedias etc. ás veces para realizar as tarefas e os traballos de clase, e un 24% faino a miúdo, o cal é positivo e salientable.

4- Non acoden á biblioteca pública: un 50% non vai nunca, e un 45,8% só ás veces. Unicamente un alumno vai a miúdo. (É por afastamento, descoñecemento, falta de hábito...?)

5- Tampouco usan a biblioteca escolar (52%), só "ás veces" (40%) e NINGUÉN MARCOU A OPCIÓN "A MIÚDO". Tamén gaña o número de alumnos que NUNCA usan a biblioteca nos recreos (52%) e "Ás veces" (40%).

6- É tamén moi significativo que os alumnos sigan o consello de Internet (44%), de amig@s(44%), profesores (36%) e revistas (36%). Só un 8% se guía polo consello das bibliotecarias escolares, realidade que hai que cambiar e que ao mellor está motivada por certa falta de costume o por falta de trato entre o alumno e estas profesoras.

7- O fondo que máis utilizan da biblioteca son os libros que lles mandamos ler:

-52% len novelas, relatos, poesía.

-52% xogan ó xadrez.

-Len revistas e xornais o 48%.

-Só o 28% le cómics (quizais porque non temos moitos?)

8- As áreas relacionadas maioritariamente coas consultas e empréstitos son:

-Lingua Galega: 48%

-Lingua Castelá: 48%

9- Consideran que para mellorar a biblioteca é necesario:

-Que haxa máis ordenadores conectados a Internet (76%)

-Que se utilice máis a biblioteca co profesorado (68%)

-Que haxa máis libros do seu gusto (52%).

-Que se poida traballar en grupo(36%) e que haxa máis espazo para traballar (32%).

10- Len por gusto moi poucos: só 3 alumnos len máis de 8 horas semanais (e xa é un dato bastante bo), mentras que o 36% non lle adica ningún tempo.

11- Len para estudar:

- o 32% de 1 a 2 horas semanais.

- o 32% de 2 a 4 horas á semana.

- o 20% le para estudar máis de 8 horas semanais.

- Un dos alumnos confesou non adicarlle ningún tempo.

12- Pola contra, pasan máis tempo vendo a televisión: o 48% ve a televisión máis de 8 horas semanais e o 32% de 4 a 6 horas.

13- E, por suposto, os nosos alumnos acceden con moita frecuencia a Internet:

- Todos os días: 80%
- 1 ou 2 veces por semana: 20%

14- Pero non consultan Internet para estudar diariamente:

- Escoitan ou gravan música o 80%
- Comunícanse nos chats o 72%
- Ven películas o 68%.

-É significativo o descenso da porcentaxe no tocante a foros, xogos e consulta de noticias, cun 30% cada un.

15- Hai bastante equilibrio entre aqueles aos que lles gusta escribir (56%) e aos que non (44%).

16- Destacan os textos que serven para a súa comunicación persoal e algo os que utilizan para mellorar nos estudos. Escriben

- correos electrónicos: o 76%.
- SMS: o 72%.
- resumos, esquemas etc.: o 32%.
- cartas: o 20%.
- un 8% escribe poesía.

17- Para estudar realizan las siguientes actividades:

- Len en alto: 56%
- Resumen: 52%
- Subliñan: 44%
- Fan esquemas: 36%

18- Hai un equilibrio entre aqueles aos que lles costa comprender o que len e os que non.

19- As materias nas que teñen máis dificultades son Inglés, Bioloxía, Ciencias Sociais e Galego.

20- A meirande parte das familias ten máis de 50 libros na casa, pero non le ningún libro ao mes o 32% e só o 40% le entre 1 e 2.

21- Para a lectura voluntaria prefiren cómics, revistas, xornais e novelas.

22-Os libros que máis lles influíron correspóndense en moitos casos con aqueles que len nas materias que máis traballan coa lectura (Lingua Galega, Lingua Castelá), e tamén aqueles que están "de moda", como *Crepúsculo*.

## 4º ESO

Neste nivel temos tres grupos de cuarto de ESO (un deles de PDC).

O 56% deste alumnado declarou ler algo; trátase dunha porcentaxe non moi elevada, pero se cabe non tan baixa como pensabamos nun principio.

Chamounos a atención a alta porcentaxe de rapaces que non len nada e a pequena porcentaxe de alumnado que le moito: 17% e 6,7%, respectivamente.

Con referencia ao tempo dedicado á lectura por gusto, o 33,3% do alumnado adica entre 1-2 horas semanais, o 26,6% entre 2-4 horas. Sorprendentemente, unha porcentaxe alta do alumnado (26,6%) non le nada durante a semana, dato que nos preocupa.

As estatísticas cambian cando se lles pregunta o tempo investido na lectura para o estudo: o 23,3% adica entre 1-2 horas á semana; unha porcentaxe equivalente, entre 6-8 horas; e o 36,6% declara adicar entre 2-4 horas semanais.

Os datos referentes ao tempo adicado a ver a televisión e a Internet merecen unha análise, xa que o 36,6% di que adica máis de 8 horas semanais a ver a televisión e o 80% accede a Internet todos os días. Os contidos máis consultados en Internet son: chat (83,3%), música (66,6%) e películas (53,3%).

Facendo un breve resumo dos datos recollidos, podemos dicir que a participación do alumnado de 4º de ESO en relación á lectura é medio-baixa. O noso reto é aumentar eses índices e sobre todo compensar algunhas das tendencias, sobre todo en referencia ao tempo adicado á televisión ou a Internet. Parece obvio que debemos facer algo con ese 26,6% de alumnado que non le nada por gusto.

Outros datos recollidos na enquisa fan referencia ás bibliotecas. Un dato alarmante é a porcentaxe de alumnado que nunca utiliza a biblioteca pública: 70%. Este dato compénsase un pouco coa porcentaxe que afirma visitar a biblioteca escolar nos recreos: 63,3%. Deste grupo, o 70% consulta revistas e xornais, e este é un dato importante porque fainos ver os seus intereses e dános unha pista sobre os contidos que poden resultar atractivos para o alumnado. Isto é moi relevante porque dos rapaces que visitan a biblioteca escolar, o 60% din que lles gustaría ter máis ordenadores conectados a Internet e o 44% din que lles gustaría que houbese máis libros do seu gusto.

Un dato referente á escritura dinos que o 73,3% do alumnado adoita escribir SMS. Sería bo motivar ao alumnado para que adique tempo a escribir outro tipo de textos ou, se cabe, utilizar o formato para introducir outra tipoloxía.

Outro dato moi interesante fai referencia á porcentaxe de alumnado que afirma que lle costa comprender o que le: nada menos que o 82,14%. Isto é un impedimento moi grande para animar á



lectura, xa que estes rapaces non poden disfrutar da mesma se teñen problemas de comprensión; se deben esforzarse tanto para ler é comprensible que adiquen o tempo a outras actividades de lecer máis doadas e divertidas. Ler ten que ser algo divertido e estimulante.

O 66,6% do alumnado de 4º de ESO afirma que le entre 1 e 2 libros ao mes e que o que máis lle gusta ler son xornais, contos, novela e poesía (por esta orde).

## **PCPI**

O resultado neste grupo non pode ser máis desolador. O 75% declara non ler nada, e consecuentemente a biblioteca non a utilizan nunca. Non lles gusta escribir e non comprenden o que len. A súa información procede case exclusivamente de Internet. En xeral os seus intereses non están nas asignaturas impartidas na escola, polo que a estratexia a seguir para este tipo de alumnado pasa por aplicar pautas primarias de lectura, paseniñamente, que respondan a unha temática concreta e que teña en conta as súas preferencias a nivel post-escolar e fases iniciais de actividade laboral.

## **ESA**

Sorprendentemente (en positivo), neste grupo gusta “algo” ler a un 55,5%. Admite ter dificultades na comprensión lectora un 77% do alumnado.

Un 84% declara ler por pracer unha ou dúas horas á semana,. pero un 89% non le un libro ao mes: interésanse fundamentalmente polas revistas, así que deberíamos enriquecer este fondo na nosa biblioteca, que eles manifestan usar moi pouco.

Para escoller as lecturas ningún deles solicita a opinión do profesorado.

A un 71% gústalle escribir. Pero tamén é certo que se trata de SMS ou textos básicos.

## **1º BACHARELATO**

Preto do 90% dos alumnos/as deste nivel amosan, en maior ou menor medida, interese pola lectura, influíndo nisto –segundo cremos- o feito de que cerca deles hai polo menos un familiar que adoita ler.

É habitual para eles o uso de materiais escritos para levar a cabo os traballos da clase, sendo Internet ou o grupo de amigos as canles de orientación nas lecturas.

Pese a todo, a utilización da biblioteca tanto pública como escolar é limitada, e acódesse a ela na procura de lecturas (relatos, novelas...) ou ferramentas de axuda ó estudo (dicionarios e enciclopedias), especialmente nas materias de lingua (castelá, galega ou estranxeira).

Na biblioteca escolar, o alumnado bota en falta máis ordenadores conectados á rede, libros máis vencellados aos seus gustos particulares, máis espazo e tamén a presenza dun profesor que os oriente.

Preto da metade emprega 1-2 horas á semana en ler por pracer e o dobre de tempo, 2-4 horas, a facelo para estudar.

Un de cada catro ve a TV por riba das 8 horas semanais pero ninguén emprega ese tempo na lectura.

Moitos conéctanse a diario á rede con distintos obxectivos entre os que destaca chatear e baixar música. As dúas terceiras partes practican a escrita en forma de SMS e correos electrónicos.

Á hora de estudar recórrese frecuentemente a resumes, subliñados, lecturas en voz alta e esquemas, pero a moitos cústalles entender o que len, sobre todo nas materias de filosofía, matemáticas, inglés e lingua castelá.

Máis da metade teñen cen ou máis libros na súa casa e a maioría le 1-2 libros ao mes, especialmente novelas e contos. Tamén hai gusto pola lectura de revistas, cómics e xornais.

## **2º BACHARELATO**

Parece conveniente facer unha distinción entre o grupo de "Letras" e o de "Ciencias":

2º A)

O 63% deles ten máis de 100 libros na casa. A mesma porcentaxe serve para sinalar aos que len un ou dous libros ao mes. E tamén para os que consulta libros, enciclopedias e outras materias para facer traballos de clase.

Manifesta ler habitualmente un 50%, pero só un 36% le un ou dous libros ao mes por pracer.

O 54% frequenta as bibliotecas (escolar ou municipal). Pero tamén sae un 54% que declara ter dificultades de comprensión lectora.

O título máis mencionado como lectura influínte foi *Crepúsculo*.

2º B)

O feito de que outros membros da familia lean ou que haxa moitos libros na casa non parece ter que ver co afán lector destes alumnos.

Gústalle ler bastante ou moito a un 45% do grupo (e algo a un 31%). Un 50% le un ou dous libros por mes.

Pero tamén sae un 68% que declara que lle costa comprender o que le. Escribir só lle gusta a un 54%.

Ata 2 horas á semana le por pracer un 59% deste alumnado.

Eles interésanse polas noticias (xornais, revistas) e os comics. Elas, en cambio, polas novelas.

Para eles si é importante a orientación do profesorado.

Como primeira opción, todos teñen a lectura en castelán.

Os títulos que ofrecen como referentes importantes para eles son moi dispares; só hai unha coincidencia destacable: o 18% sinala *Rebeldes*, o que nos leva a reseñar a súa escasa madurez lectora.

## **ANEXO III:**

### **PAUTAS PARA A REALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DUN TRABALLO**

#### **COMO REALIZAR UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN?**

A realización de pequenos traballos de investigación pode ser unha das tarefas coas que se atopa un alumno/a ao longo da súa actividade académica.

Esta pode resultar unha actividade interesante e moi útil para:

- Coñecer e profundizar sobre determinados temas.
- Aprender unha metodoloxía para levar cabo unha investigación.
- Traballar a comprensión lectora, a capacidade de síntese; a detección de ideas importantes, secundarias ou prescindibles; o posible contraste de ideas contraditorias; exercer o espírito crítico etc.
- Traballar a expresión escrita: a ordenación e xerarquización de ideas, a argumentación, a precisión léxica, a corrección ortográfica.
- Familiarizarse coa forma de presentar un traballo: partes das que debe constar, aspectos formais (marxes, interlineado, numeración), como citar, como elaborar un índice bibliográfico.

#### **1. PLAN DE TRABALLO**

##### **1-1 Elixir un bo tema (cando se trata de escolla libre)**

- Buscar un tema que nos interese, que sexa importante e orixinal: abrir un xornal e anotar varios temas, facer o mesmo cun libro ou enciclopedia, pedir suxestións...
- Dos posibles temas seleccionados facerse preguntas: sei algo?, podo formular preguntas previas? é fácil atopar información? pode resultar interesante?
- Seleccionar un tema abarcable en canto a dimensións e nivel de dificultade.
- Limitar o tema: que? como? cando? onde? por que?

##### **1-2 Elaborar un esquema**

- Ter en conta a información do profesor/a.
- Formularse preguntas sobre o tema.

- Consultar bibliografía básica (diccionarios enciclopédicos, diccionarios temáticos, libros de información xeral que traten sobre o tema, estudos concretos sobre el). É conveniente ir do xeral ao particular.
- Seleccionar ideas xerais.
- Anotar as ideas que nos podan parecer interesantes.
- Elaborar esquemas e diagramas: facer un índice provisional e unha división en capítulos.

### 1-3 Seleccionar as fontes

- ONDE ATOPAR INFORMACIÓN?: da observación, entrevistas, experimentos, documentos orixinais, vídeos, libros, periódicos, revistas, Internet...
- COMO VALORAR A INFORMACIÓN?: se contén algo útil, está actualizada, é comprensible, ten unha extensión axeitada, o autor ou a fonte é fiable. En Internet haberá que comprobar que a información resulte relevante, quen é o autor ou autores, se ten enlaces a outras páxinas e se están ben seleccionados; comprobar se o documento está actualizado; fixarse no pé da páxina por se aparecen datos relativos ao responsable dela. Valorar o punto de vista co que se presenta a información (equilibrado ou tendencioso)
- COMO ATOPAR INFORMACIÓN NAS FONTES?:
  - Libros:** explorar a contracuberta, sumario, introdución, conclusión, índice (xeral, temático, onomástico, de autores, de obras...). Realizar lecturas rápidas, en varrido, utilizando a axuda que proporcionar marcadores como as palabras en negriña, cursiva, subliñados, esquemas...
  - Documentos periodísticos:** explorar os titulares, entradiñas, recadros, frases entrecomilladas, fotos e pés de fotos...
- ¿COMO ATOPAR AS FONTES?
  - Na biblioteca:** introducir no OPAC os chamados descritores, palabras clave que serven para identificar as fontes que tratan desa materia.
  - En Internet:** empregar os buscadores introducindo palabras clave.
- SELECCIÓN DE DATOS E IDEAS: anotar os documentos nos que se obtén resposta ás propias preguntas, elaborar fichas que conteñan a seguinte información: autor, título, editorial, lugar

e data, data do xormal e páxina, número da revista, capítulo e páxina, URL, data da última consulta da páxina Web.

## 2. REDACCIÓN

- Elaborar un borrador onde se organicen as ideas cunha orde lóxica, de forma progresiva e sen repeticións.
- Redactar primeiro os parágrafos onde aparezan as ideas fundamentais. Ao final ordenaranse e completaranse.

Cada idea nova aparecerá nun parágrafo diferente. Hai que procurar utilizar oracións curtas, empregar ben os conectores e marcadores textuais e evitar o abuso de puntos suspensivos e exclamacións.

- Os capítulos deberán ter extensión similar. É importante elixir títulos e subtítulos representativos e atractivos.
- Hai que decidir a ubicación da información gráfica (esquemas, imaxes, ilustracións) e acompañala de epígrafes.
- Reler todo para comprobar que non quedou esquecida ningunha idea fundamental.
- Elaborar a redacción definitiva, a introdución, a conclusión final, a bibliografía e o sumario que poderá ir ao principio ou ao final e no que figurarán tódolos títulos e subtítulos.
- Revisar a ortografía e a puntuación. Lembrar que hai que poñer en cursiva as expresións estranxeiras de uso non común, os nomes científicos, os termos técnicos, títulos de libros, películas, diarios poemas e cadros.
- Deseñar a portada.

## 3. ELABORAR UN ÍNDICE BIBLIOGRÁFICO

O índice bibliográfico é a listaxe de todos os documentos citados e consultados que contribuíron a aportar ideas, hipóteses e conclusións.

- ❖ **Os libros** incluídos neste listado deben citarse da seguinte forma: APELIDOS DO AUTOR, Inicial/es do nome. *Título*. Lugar de publicación: Editor, ano de publicación.
- ❖ **Os artigos de enciclopedia.** Título do artigo. *Título da enciclopedia*, Lugar de publicación: Editor, ano da publicación, volume da enciclopedia, nº da primeira páxina do artigo - nº da derradeira páxina.

- ❖ **Os artigos de revista:** APELIDOS DO AUTOR, Inicial/es do nome. Título do artigo. *Título da revista*, ano de publicación, nº da revista, nº da primeira páxina do artigo - nº da derradeira páxina.
- ❖ **Páxina Web:** enderezo e data de consulta.

#### 4. COMO CITAR

As citas son a transcripción, literal ou non, de palabras e frases doutro autor que insertamos no noso traballo para corroborar unha idea, contrastala, comentala ou ampliala.

- ✓ En cada cita deben figurar claramente recoñecibles o autor e a fonte. A cita identifícase cun número que remite ao pé de páxina ou ó final do capítulo.
- ✓ As citas han de ser exactas e aparecer entrecomilladas.
- ✓ É posible parafrasear, pero citando sempre ao autor.
- ✓ Dentro dunha cita, toda observación persoal debe aparecer entre corchetes.
- ✓ Cando omitamos partes dun texto citado deberemos empregar [...]

#### 5. ABREVIATURAS QUE DEBEMOS COÑECER PARA CITAR OU INTERPRETAR AS CITAS NA BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

**Vid. Cfr.-** “ver” “comparar” seguido da fonte á que se remite

**Ibid.-** Refírese á cita inmediatamente anterior. Indicando que se trata do mesmo autor e da mesma obra. Hai que indicar a páxina.

**Op. Cit.-** “obra citada” . Emprégase para aludir a unha obra ou cita anterior sempre que non sexa inmediatamente anterior. Antes desta locución aparece o nome do autor e despois dela a páxina do libro.

**Vid. Supra.** –“ver arriba”. Remite a algo que xa se mencionou ou explicou con anterioridade Hai que indicar a páxina na que aparecía.

Este proxecto foi aprobado polo Consello Escolar o 2 de xullo de 2010